

REGULAMENTO LIGA PROVINCIAL A CORUÑA TEMPADA 2018

APROBACIÓN: ASAMBLEA XERAL ORDINARIA 03-02-2018.

REGULAMENTO

LIGA PROVINCIAL DA CORUÑA

TEMPADA 2018

Art. 1.- ORGANIZACIÓN

A organización técnica e execución da LIGA PROVINCIAL DA CORUÑA de piragüismo, correspóndelle á Federación Galega de Piragüismo, que actúa a través dos seus órganos executivos, xunto cos clubs organizadores de cada regata, **que achegarán:**

- Os trofeos para os tres primeiros clubs e prezas para todas as modalidades e categorías (por regata organizada).
- Embarcacións de salvamento según recorrido, e ambulancia durante a proba.
- Autorizacións necesarias.(Portos, Augas de Galicia,Hidrográficas, policía...)
- Recorrido (boias,.....) Os clubs que necesiten material poderán facer unha solicitude a federación para o seu préstamo.
- O custo total do arbitraje da competición. (A federación Galega de piragüismo pon 200€, o resto da diferenza o club organizador)

Os árbitros serán nomeados pola Federación Galega de Piragüismo.

Art. 2.- PATROCINADOR

O patrocinio desta LIGA correspóndelle a Federación Galega de Piragüismo e máis á Deputación da Coruña.

Art. 3.- COMITÉ DE DISCIPLINA

Realizará esta función o propio comité da Federación Galega de Piragüismo, para todo o referente á copa e as súas competicións puntuables, actuando de acordo cos regulamentos vixentes.

Art. 4.- COMITÉ DE COMPETICIÓN

Cada regata puntuable da LIGA terá o seu propio Comité de Competición que se formará do xeito que establecen os regulamentos vixentes na Federación Galega de Piragüismo e que será o paso previo regulamentario para a presentación de reclamacións posteriores ao Comité de Disciplina e aos órganos superiores.

Art. 5.- FORMACIÓN

A Liga estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo que estean encadradas na provincia da Coruña así como que os seus deportistas, cumpran a normativa de afiliación establecida pola Federación Galega de Piragüismo para a tempada 2018.

Art. 6.- XUÍCES E ÁRBITROS

Cada regata puntuable, terá os seus propios árbitros e xuíces, que serán designados pola Federación Galega de Piragüismo a proposta do seu Comité Técnico de Árbitros. Ao termino de cada regata, o xuíz árbitro levantará unha acta de resultados que se lle entregará á Federación para realizar as clasificacións finais e o seguimento do desenvolvemento da liga.

Art. 7.- PARTICIPACIÓN

4 regatas Individuais, é 1 en barcos de equipo a designar na reunión de clubs establecida da provincia da Coruña.

Art. 8.- EMBARCACIÓNS

4 das regatas da Liga serán en K1 e C1.

Art.9.- CATEGORÍAS

As categorías da LIGA serán as seguintes:

Kaiak homes: Cadete, Infantil A e B, alevín A, B, benxamín e prebenxamín.

Kaiak mulleres: Cadete, Infantil A e B, alevín A, B, benxamín e prebenxamín.

Canoa homes: Cadete, Infantil A e B

Canoa mulleres : Cadete, Infantil A e B

Na regata de barcos de equipo, tanto os alevíns B como os infantís B, poderán subir a A para completar os barcos.

Art. 10.- PUNTUACIÓNS

Os padexeiros/as e/ou equipos puntuarán co mesmo sistema de clasificación que o campionato Galego de alevíns e benxamíns:

Todas as categorías	130, 127, 124, 122, 121, 120.....
---------------------	-----------------------------------

Para a clasificación por equipos sumaranse todas as puntuacións acadadas polos seus deportistas, sempre que sexan 3 padexeiros como mínimo, aínda que pertencen ao mesmo club.

Art. 11.- PUNTUACIÓN PARA A LIGA

A tenor do artigo anterior establecerase unha clasificación dos clubs da provincia para a Liga Provincial, aos que se lles asignará unha puntuación definitiva, en base a seguinte desglose:

1º Clas.	50 puntos
2º	48
3º	46
4º	44
5º	43,..... etc.

A puntuación para os equipos que non participen en cada regata puntuable será de 10 puntos menos ca o último clasificado.

Art. 12.- DESESTIMACIÓN

Coa coincidencia de regatas de maior carácter das mesmas categorías, establececese un marxe de 2 meses para realizar un cambio de data.

Art. 13.- INSCRICIÓNS

As inscricións deberán facerse a través da aplicación web da páxina da F.G.P., dentro dos prazos establecidos no mesmo.

Para poder inscribir a calquera deportista, éste terá que ter a licenza feita anteriormente a finalización da data de inscrición da proba que se trate.

***Cada inscrición na propia regata terá unha penalización para o club de 15 puntos por inscrición.**

Art. 14.- DESEMPATES

Resolveranse a favor do/da que mellor resultado obteña na última regata puntuable.

Art. 15.- COMPETICIÓNS PUNTUABLES

Serán regatas puntuables desta LIGA as que figuren no calendario oficial da Federación Galega de Piragüismo da tempada 2018.

RIANXO.....1 maio
PONTEDEUME.....7 xullo
MIÑO.....5 agosto
TAPIA.....11 agosto

Para o 2019 terá prioridade na organización dunha regata aquel club que non organizase unha no ano anterior (2018).

Art. 16.- TÍTULOS QUE SE DISPUTAN

O título que se disputa será o de gañador da LIGA PROVINCIAL da Coruña de Piragüismo de equipos, mais o gañador individual por categoría e modalidade.

Art. 17.- DISTANCIAS PROBAS

Distancias das distintas probas:

Máximo 1.500 m. benxamíns, prebenxamín, alevíns A e B

Máximo 3.000 m. infantil A e B e cadetes.

Por ser unha competición a nivel de liga aberta a todos os clubs da provincia da Coruña, independentemente do seu nivel ou categoría, non se producirán ascensos nin descensos.

Art. 18.- TEMPO DE CONTROL

Establecerase uns tempos de control de 6 minutos para as categorías de prebenxamín, benxamíns, alevíns e infantís, e 4 minutos para os cadetes.

Estes tempos estableceranse dende o paso do 3º clasificado.

Art. 19.- LICENCIAS DE COMPETICIÓN

Todos os padexeiros/as que tomen parte nesta LIGA, deberán estar en posesión da licenza de competición debidamente actualizada para a tempada 2018.

Os clubs deberán estar ao corrente dos seus pagos coa Federación Galega de Piragüismo, conforme á circular de tramitación de licenzas.

Art. 20.- PREMIOS FINAIS

Repartirase entre os clubs que forman esta liga e participaran e puntuaran mínimo en 3 regatas unha cantidade a determinar, dependendo da que resulte da subvención da Deputación da Coruña.

Esta liga prevé distintos premios económicos para os clubs.

O reparto destes premios basearanse en dous criterios fundamentais:

- A) PARTICIPACIÓN: Segundo o número de padexeiros/as (50 % do total).
- B) CLASIFICACIÓN: Segundo os postos conseguidos (50 % do total)

Explicación criterios anteriores:

- A) Participación:

Suma de todos os padexeiros/as clasificados en tempo en cada regata. Una vez finalizada a liga, divídese a cantidade destinada a este apartado, entre o número de padexeiros/as clasificados de toda a liga, o que dará o valor da cantidade a recibir por cada club.

B) Clasificación:

O 50 % da cantidade total dividirase entre a clasificación de clubs cunha porcentaxe . Exemplo para 6 clubs: 22 % para o 1º clasificado, o 19 % para o 2º, o 17 % para o 3º, o 15 % para o 4º, o 14 % para o 5º, e o 13 % para o 6º.

En función do número de clubs, se practicara o reparto dos %. Existirán premios finais de carácter individual para cada categoría e modalidade, coa suma dos puntos das 4 regatas individuais.

1º Clasificado	5 puntos
2º.....	4
3º.....	3.....
4º.....	2.....
5º.....	1.....

Art. 21.- COMPETICIÓN RESERVAS

Se por calquera causa non se celebre algunha das regatas puntuables do programa, a Federación Galega de Piragüismo, decidirá sobre o adiamento, a súa substitución ou a súa anulación definitiva para todos os efectos.

Art. 22.- OUTRAS NORMAS

Para as normas non recollidas no presente Regulamento, serán de aplicación as establecidas nos Regulamentos superiores, e os regulamentos específicos de cada unha das regatas da liga, regulamentos e estatutos da Federación Galega de Piragüismo, ou no seu caso, no Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Federación Española de Piragüismo. So poderán participar clubs da provincia da Coruña.

A participación dun club neste programa, a calquera nivel, implica a aceptación das presentes normas. A Federación Galega de Piragüismo e os organizadores das regatas puntuables non se fan responsables dos danos que se lles puidesen causar ou sufrir a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no traslado ás regatas como no seu desenvolvemento.

Lémbrese a obriga de levar sistemas de flotabilidade nas embarcacións e do correspondente chaleco salvavidas para tódalas probas e categorías.

Art. 23.- INFORMACIÓN

Cada Club da Provincia da Coruña debera inscribirse na LIGA PROVINCIAL DA CORUÑA. Para maior información poderán dirixirse á Federación Galega de Piragüismo, Tfños de contacto: 986842106 e 986896537 , fax 986851108 e e-mail: kayak-canoa@fegapi.org

Pontevedra, 03 de febreiro de 2018

Vº Bº
PRESIDENTE

O SECRETARIO

